

# **ORDENANZA Nº 17**

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RETIRADA, TRANSPORTE E CUSTODIA DE INSTALACIÓNS, ELEMENTOS E XÉNEROS RELATIVOS AO EXERCICIO DE CALQUERA ACTIVIDADE OU COMERCIO NA VÍA PÚBLICA SEN LICENZA MUNICIPAL E OUTROS PRESTADOS POR CAUSAS EXCEPCIONAIS.**

### **ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible da presente taxa a prestación pola Administración Municipal dos seguintes servizos:

- a. Retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública, ou en dominio público municipal, sen licenza en concordancia co disposto no artigo 27 da “Ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos”.
- b. Retirada, transporte e custodia de elementos ou obxectos colocados na vía pública sen a correspondente autorización municipal.
- c. Servizos similares aos anteriores ordenados por resolución do Alcalde, Comisión de Goberno ou Pleno por causa de forza maior, orde pública, ruína, seguridade de persoas e bens e outros.

### **ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS.**

Serán suxeitos pasivos destas taxas os vendedores e/ou responsables por calquera título dos elementos, instalacións e xéneros obxecto da retirada e custodia. En materia de responsabilidades aplicaranse aos artigos 12 a 16 da Ordenanza Fiscal Xeral.

### **ARTIGO 3.- NACEMENTO DA OBRIGA TRIBUTARIA.**

A obriga de contribuír por esta taxa nace no momento en que os funcionarios municipais se fagan cargo das instalacións, elementos e xéneros para o seu transporte a un depósito municipal e posterior custodia.

### **ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS.**

Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesa Ordenanza determinados servizos comprendidos no apartado b) do artigo 1º. desta Ordenanza cando a resolución do órgano competente que ordene a súa realización así o dispoña.

### **ARTIGO 5.- COTA.**

1. Nas prestacións dos servizos sinalados no apartado a) do Artigo 1º. desta Ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

- 1.1 Por retirada e transporte €/hora ou fracción
- Por cada persoa afecta ao servizo..... 12,45 €
  - Por cada vehículo afecto ao servizo.....24,20 €
- 1.2 Por custodia.
- Cada día completo ou fracción por cada bolsa.....3,40 €

2. Nas prestacións de servizos sinalados no apartado b) e c) do Artigo 1º desta Ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

- 2.1. Por retirada e transporte €/hora ou fracción
- Por cada persoa afecta ao servizo..... 12,45 €
  - Por cada vehículo afecto ao servizo.....24,20 €
- 2.2. Por custodia.
- Cada día completo ou fracción por cada metro cúbico.....3,40 €

### **ARTIGO 6.- INGRESO.**

1. O ingreso das taxas reguladas nesta Ordenanza realizarase polo procedemento de autoliquidación, sendo indispensable o pagamento para a retirada dos elementos custodiados.

2. A Policía Local remitirá ao Servizo de Xestión Tributaria para asistencia en materia de autoliquidación un parte no que se detallen as persoas e vehículos destinados a unha determinada actuación, o número de bolsas retiradas a cada unha das persoas afectadas por dita retirada de xéneros e a data da actuación.

## **ARTIGO 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.**

1. En materia de infracción s tributarias e as súas distintas cualificación s, así como respecto das sanción s que procedan, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2. As sanción s por infracción tributaria a que se refire o apartado anterior serán compatibles e independentes das que procedan de conformidade coa “Ordenanza reguladora da venda ambulante na vía pública e espazos abertos “.

## **DISPOSICIÓN S FINAIS.**

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza fiscal Xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenza rá a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN S B.O.P.:	27 DE DECEMBRO DE 1995
	30 DE DECEMBRO DE 1999
	26 DE DECEMBRO DE 2002
	14 DE DECEMBRO DE 2010
	21 DE DECEMBRO DE 2012
	4 DE DECEMBRO DE 2023

